

---

**RESOLUCIÓN DE 14 DE MARZO DE 2020 DE PECHE  
TEMPORAL DE INSTALACIÓNS, CENTROS E SERVIZOS  
NA UNIVERSIDADE DE VIGO**

Á vista da Resolución do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, a través do cal se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 (DOG 50Bis, do 13 de marzo) e

Ao considerar que o punto terceiro da Resolución Reitoral do 13 de marzo de 2020, na que se acorda suspender as actividades académicas na Universidade de Vigo, dispón que «mentres perdure a suspensión das actividades académicas sinalada, tanto o PDI como o PAS da Universidade, incluído o persoal adscrito a unidades cuxo peche chegara a producirse, continuarán a prestar os seus servizos nas condicións que se acorden»,

esta Reitoría

**RESOLVE**

**PRIMEIRO.-** Pechar durante 16 días naturais a partir da data da presente resolución todos os centros da Universidade de Vigo, con prohibición de acceso agás para o PAS en servizos mínimos e o PDI en casos xustificadas.

**SEGUNDO.-** Suspender a actividade presencial dos servizos da Universidade de Vigo e manter as vías de atención telefónica e telemática dispoñibles, así como o uso do rexistro electrónico.

**TERCEIRO.-** Pechar durante 16 días naturais a partir da data da presente resolución os ximnacios, pavillóns e recintos deportivos da Universidade, con prohibición total de acceso agás para o persoal autorizado.

**CUARTO.-** Pechar os bares e os restaurantes localizados no interior das instalacións destinadas á prestación dos servizos da Universidade de Vigo, o que lles deberá ser comunicado ás empresas afectadas.

**QUINTO.-** Informar de que todo o persoal, durante o período sinalado, deberá, na medida do posible, traballar a distancia, entendéndose por tal non só aquel traballo que se poida realizar por medios telemáticos, desde o domicilio particular, senón tamén a través do correo corporativo e/ou teléfono indicado para o efecto.

**SEXTO.-** Decretar que a dirección da Área de Infraestruturas xunto coa dirección da Área de Tecnoloxías da Información levarán a cabo as actuacións de coordinación necesarias coas empresas de mantemento e de seguridade para garantir o seu funcionamento axeitado e lle deberán comunicar á unidade correspondente os contratos de servizos que puideran resultar afectados á empresa de que se trate.

**SÉTIMO.-** Decretar a publicación da presente resolución na páxina web da Universidade e comunicarlle a toda a comunidade universitaria así como a:

- Autoridades sanitarias competentes
- Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia
- Decanos/as e directores/as de centros, directores/as de departamentos e responsables dos servizos da Universidade de Vigo
- Representantes dos traballadores e traballadoras
- Consello de Estudantes
- Universidades con convenio de mobilidade de estudantes na Universidade de Vigo;
- Xerencias da Fundación Universidade de Vigo (FUVI) e de Cidade Universitaria, S.A. (CUSA)
- Responsables doutras entidades que poidan resultar afectadas.

En Vigo, 14 de marzo de 2020

Manuel J. Reigosa Roger  
Reitor da Universidade de Vigo